



Estudos de Lingüística Galega

ISSN: 1889-2566

elgilg@usc.es

Universidade de Santiago de Compostela
España

González Abelaira, Cristina
Unha lingua de signos galega?
Estudos de Lingüística Galega, vol. 8, 2016, pp. 89-106
Universidade de Santiago de Compostela
Santiago de Compostela, España

Disponível em: <http://www.redalyc.org/articulo.oa?id=305646595005>

- Como citar este artigo
- Número completo
- Mais artigos
- Home da revista no Redalyc

redalyc.org

Sistema de Informação Científica
Rede de Revistas Científicas da América Latina, Caribe, Espanha e Portugal
Projeto acadêmico sem fins lucrativos desenvolvido no âmbito da iniciativa Acesso Aberto

Unha lingua de signos galega?

Cristina González Abelaira

Universidade de Santiago de Compostela
cristina.gonzalez@usc.es

Recibido o 14/01/2016. Aceptado o 05/04/2016

A Galician sign language?

Resumo

A publicación no ano 2007 da Lei 27/2007, do 23 de outubro, pola que se recoñecen as linguas de signos españolas e se regulan os medios de apoio á comunicación oral das persoas xordas, con discapacidade auditiva ou xordo-cegas, supuxo o recoñecemento oficial da lingua de signos española (LSE) e da lingua de signos catalá (LSC), así como o dereito a aprendelas e usalas ó lado doutros medios de comunicación orais. Logo dunha reivindicación histórica por parte do colectivo xordo, a lexislación admite a existencia de dúas linguas de signos en España. Ademais, a LSC é oficial en Cataluña dende o ano 2006, a partir da publicación do Estatuto de Autonomía Catalán. Tamén no ano 2010 se publica a Lei 17/2010, de 3 de xuño, da lingua de signos catalá. Porén, nin no ámbito autonómico, nin no estatal se recoñeceu oficialmente unha lingua de signos galega (LSG). Todo apunta a que a diferenciación soamente de dúas linguas de signos no estado español non atende a criterios lingüísticos internos, senón máis ben políticos e sociais. Unha análise histórica e émica do proceso de planificación lingüística en Galicia a través dunha metodoloxía etnográfica permite observar como se organizou a diversidade lingüística na comunidade e lévanos a concluír que tras a oralización en castelán do colectivo xordo, buscouse unha uniformización lingüística que conduciu á falta de recoñecemento das diferentes variedades lingüísticas, entre elas a galega.

Palabras chave

Variedade lingüística, planificación lingüística, lingua de signos, lingua oral, comunidade xorda, colexios de xordos

Sumario

1. Introducción. 2. O recoñecemento oficial das linguas de signos españolas. Antecedentes. 3. A Lei 27/2007, de 23 de outubro. 4. Os colexios de xordos galegos 5. Unha variedade lingüística propia en Galicia 6. Consideracións finais.

Abstract

The passage in 2007 of Law 27/2007 of October 23, which recognizes Spanish sign language and regulates the means of communication support for deaf, hearing-impaired or deaf and blind people, marked the beginning of official recognition for Spanish sign language (LSE) and Catalan sign language (LSC), and the right to learn and use them alongside other oral media. Following a historical process of campaigning by the deaf community, the new legislation acknowledges two sign languages in Spain. LSC has also received official recognition within Catalonia in the Catalan Statute of Autonomy since 2006. In 2010, Law 17/2010 of June 3 was passed; this is also concerned with Catalan sign language. However, a Galician sign language (LSG) has received no recognition at either regional or state level. Spain's recognition of only two distinct sign languages seems to be based not on internal linguistic arguments but rather political and social ones. A historical and emic analysis of the language planning process in Galicia through ethnographic methods reveals how linguistic diversity was managed in the community, showing that following Spanish oralization of the deaf community, linguistic uniformity was sought, resulting in a lack of recognition for different variants, including a Galician one.

Keywords

Linguistic variety, language planning, sign language, oral language, deaf community, deaf schools

Contents

1. Introduction. 2. Official recognition for Spanish sign languages. Background. 3. Law 27/2007 of October 23. 4. Schools for the deaf in Galicia. 5. A specific language variety in Galicia. 6. Final considerations.

O presente artigo forma parte dun traballo de investigación máis amplo que leva por título “La planificación lingüística de la lengua de signos en el ámbito educativo de la comunidad autónoma de Galicia: perspectivas histórica y émica”. Trátase dun proxecto de tese froito dun contrato predoutoral da Xunta de Galicia dentro do Plan galego de investigación, innovación e crecemento 2011/2015 (Plan 12C).

1. INTRODUCCIÓN

A diversidade lingüística é natural e inherente a calquera comunidade, incluída a comunidade xorda. Porén, a organización da dita diversidade varía dunhas comunidades a outras, principalmente, en función da política lingüística desenvolvida a través da planificación da lingua. Para analizar o proceso de planificación lingüística da lingua de signos no ámbito educativo galego adoptáronse nesta investigación as perspectivas histórica e émica¹, é dicir, a investigación levouse a cabo partindo dun estudo diacrónico, pois pretendíanse recoller os cambios que tiveron lugar ó longo da historia con respecto á intervención sobre a lingua de signos; pero tamén hai un enfoque émico, pois o punto de vista do signante e dos actores sociais principais implicados na súa educación inflúen no proceso planificador. Polo tanto, ademais da consulta de diferentes documentos e arquivos históricos, neste traballo empregouse un método etnográfico: a investigadora inseriuse dentro da comunidade xorda, durante un período de tempo determinado, recibindo formación sobre a lingua e cultura xorda, tomando datos, recollendo a información que se expón a continuación e facendo entrevistas en profundidade.

O procedemento de análise citado permitiu observar como, durante séculos, a política lingüística do estado español e, máis concretamente, a planificación lingüística levada a cabo no eido educativo, se caracterizou por apostar polo monolingüismo na lingua oral castelá. A comunidade xorda española, e tamén a galega, foi oralizada en castelán dende a súa entrada nos centros educativos. As linguas de signos foron ignoradas e quedaron relegadas ó seu uso nun contexto informal, fóra das aulas, e foi neste eido onde se desenvolveron e foron xurdindo distintas variedades lingüísticas.

A comunidade xorda non viu recoñecida a súa lingua ata o século XXI, coa publicación da Lei 27/2007, de 23 de outubro, pero incluso nese momento, a diversidade lingüística propia da comunidade foi ignorada e a organización da mesma fíxose atendendo a criterios políticos e sociais. Recoñecéronse soamente dúas linguas, a LSE e a LSC, pero seguindo a Moreno Cabrera, todas as variedades lingüísticas eran susceptibles de ser recoñecidas como linguas, incluída a galega, e impedilo “vale lo mismo, en las comunidades de dominio y sometimiento, que negar a las comunidades que las hablan su derecho a ver reconocida su variedad como instrumento de comunicación y de cultura” (Moreno Cabrera 2000: 60).

A raíz da publicación da lei citada, o colectivo xordo erixiuse como principal actor da planificación da súa lingua e creouse o Centro de Normalización da Lingua de Signos Española (CNLSE), aínda que xa anteriormente a comunidade xorda viña reclamando un papel protagonista no proceso a través da Confederación Estatal de Xordos (CNSE), e precisamente a CNSE dende Madrid foi a entidade que liderou a proposta de planificación en toda España, a excepción de Cataluña.

A falta de recoñecemento oficial da variedade galega e o proceso planificador levado a cabo conduciron, en Galicia, a unha uniformización da diversidade lingüística característica da comunidade xorda.

2. O RECOÑECEMENTO OFICIAL DAS LINGUAS DE SIGNOS ESPAÑOLAS. ANTECEDENTES

O recoñecemento oficial a nivel lexislativo das linguas de signos españolas (LSE e LSC) veu propiciado polo proceso de reivindicación política que iniciou a comunidade xorda froito dunha serie de factores coincidentes que se produciron na década dos 90.

Por unha banda, teñen lugar cambios a nivel lexislativo que propician un cambio tamén no modelo educativo. Dun modelo que segrega ó alumnado en centros específicos pásase a outro que busca a plena inclusión educativa, social e laboral.

¹ Os termos “émico” e “ético” foron introducidos por primeira vez polo lingüista Kenneth Pike (1971), e posteriormente o seu uso estendouse ás ciencias sociais, distinguindo “émico” como o punto de vista do nativo e “ético” como o punto de vista do estranxeiro (Nattiez 1990).

A publicación da Lei Orgánica 1/1990, de 3 de outubro, de Ordenación Xeral do Sistema Educativo (LOXSE) causará unha revolución na educación especial ó apostar pola integración² en centros ordinarios como resposta educativa ás “necesidades educativas especiais (NEE)”, termo que introduce esta lei e que supón tamén un cambio na concepción das persoas afectadas por problemas que requiren unha atención específica.

En moitas comunidades, como Cataluña, as consecuencias da aplicación deste novo modelo educativo inclusivo foron radicais coa desaparición de moitos colexios de xordos (Gras 2006: 220). En Galicia, porén, este cambio foi máis paulatino. Os colexios de xordos non se pecharon, na súa maioría seguen funcionando na actualidade. O proceso foi máis lento, fóronse transformando e alterando as súas programacións ata chegar á situación actual. En todos os casos foron perdendo alumnado progresivamente e víronse obrigados a reconverterse en centros de educación especial.

Ademais do cambio cara á inclusión ten lugar, de modo paralelo, un cambio na concepción da diversidade funcional, en xeral, e da xordeira, en particular, que se reflicte no uso dunha nova terminoloxía. Da visión das persoas xordas como “anormais”, “deficientes”, “inadaptados”, “diminuídos” ou “minusválidos”, pásase a unha denominación menos pexorativa e discriminatoria, pero aínda derivada dunha percepción patolóxica da diversidade. Fálase de “persoas con discapacidade”, termo empregado comunmente na lexislación educativa actual xunto con “alumnado con necesidades educativas especiais” (Lei Orgánica 8/2013).

Hoxe en día o colectivo prefere no canto de “discapacidade”, a denominación “diversidade funcional”³, ó entender que os termos anteriores veñen derivados dunha concepción médica, segundo a cal se trata de persoas bioloxicamente imperfectas que hai que rehabilitar para restaurar uns teóricos patróns de normalidade. Porén tales patróns non existiron nunca e é pouco probable que existan nun futuro debido ós avances médicos. Fronte a esta perspectiva eríxese un novo modelo social, que entende que a sociedade é diversa e intrinsecamente imperfecta e a normalidade constitúea, precisamente, a diversidade nas persoas (Romañach / Lobato 2005).

Por outro lado, algúns autores falan de “barreiras na aprendizaxe e participación” en vez de etiquetar ó alumnado como “alumnado con necesidades educativas especiais”, posto que se defende que a segunda consideración pode derivar en que se xeren expectativas máis baixas por parte dos docentes. Ademais pode ser tamén unha barreira para o desenvolvemento de prácticas inclusivas nas aulas, cando as dificultades educativas se están atribuindo á xordeira do alumnado en si, e non á concepción do propio modelo educativo (Domínguez Gutiérrez / Alonso Baixera 2004: 22).

Ademais de todos estes cambios, prodúcense avances claves na investigación lingüística. En 1953 Bernard Tervoort, da Universidade de Amsterdam, presenta a primeira descrición lingüística dun sistema signado utilizado por un grupo de nenos xordos holandeses (Jarque 2012: 34), pero considérase que a investigación lingüística moderna das linguas de signos non comeza ata 1960 coa publicación de *Sign Language structure. The first linguistic analysis of American Sign Language* de William Stokoe. Este profesor inglés de persoas xordas, lingüista norteamericano da Universidade de Gallaudet, realiza unha descrición gramatical da lingua de signos americana e menciona dous aspectos da lingua de signos que se consideraban claves para entender o que era unha lingua: a súa sistematicidade e o seu carácter simbólico (Morales López 2000: 128).

Na década dos 70 e 80 a investigación sobre a lingua de signos encóntrase nunha etapa inicial. A análise lingüística que se realiza ten como obxectivo a comprobación dos modelos teóricos dominantes, principalmente da teoría chomskiana. A lingua de signos estudada é case exclusivamente a lingua de signos americana (Morales López 2000: 129). Desta etapa son os estudos de Klima e Bellugi (1979) orientados a establecer o status da lingua de signos como verdadeira lingua. En 1978 celébrase o Primeiro Simposio Internacional sobre Investigación en Lingua de Signos en Escandinavia, dous anos máis tarde, en 1980, ten lugar o Congreso Interna-

² É necesario realizar aquí unha precisión terminolóxica. O termo “integración” foi utilizado ata a década dos 90 para facer referencia ó modo no que a escola debe dar resposta á diversidade. Posteriormente, coa Lei 2/2006 do 3 de maio de Educación, comézase a usar “inclusión”, entendendo a diversidade como fonte de riqueza e como parte da escola, que debe saber adaptarse a ela.

³ É a denominación empregada neste artigo.

cional de Hamburgo, que celebraba o centenario do Congreso de Milán e que recoñece que a condena cara á lingua de signos carecía de rigor científico e que o oralismo⁴ puro fracasara como metodoloxía na educación das persoas xordas (Rodríguez Ortiz 2005: 45).

En España, nos anos 70, celébrase o Primeiro Congreso Nacional de Educadores de Xordos, onde a raíz dos pobres resultados académicos das persoas xordas, álzase voces cuestionando os métodos utilizados ata o momento na súa educación. Nos anos 80, Álvaro Marchesi comezou a investigar o desenvolvemento lingüístico e cognitivo dos nenos e nenas xordos e pensou seriamente na alternativa da lingua de signos, espertando o interese sobre o tema no noso país (Marchesi 1987).

Xa na década dos 90 iníciase un cambio na perspectiva teórica e metodolóxica na lingüística da lingua de signos. Agora a investigación céntrase en determinar as características definitorias das linguas de signos e comeza o estudo de linguas de signos de diferentes ámbitos xeográficos, entre elas, a LSE (Morales López 2000: 130). Así, en 1992 publicase *Lenguaje de signos* de María Ángeles Rodríguez, a primeira descrición da LSE.

Por outra banda, a nivel europeo, publícanse unha serie de documentos encamiñados á defensa da diversidade de linguas e o recoñecemento dos dereitos lingüísticos.

En 1988 o Parlamento Europeo publicara unha Resolución na que se aceptaban as linguas de signos de cada país como linguas naturais das persoas xordas. Ese mesmo ano en Viena débátese os dereitos humanos das persoas con diversidade funcional e, como conclusión, apróbase unha resolución ó respecto que afirma que se deben considerar as linguas de signos na educación das persoas xordas, así como proporcionar servizo de interpretación. Esta resolución foi aprobada pola ONU o 10 de decembro de 1993 (Resolución 48/96) dando lugar á publicación das *Normas Uniformes sobre a igualdade de oportunidades para as persoas con discapacidade*. Posteriormente, en 1998 o Parlamento Europeo puxo en marcha un proxecto en toda Europa para fomentar o cumprimento da Resolución de 1988.

En 1992 o Consello de Europa publica *A carta europea das linguas rexionais ou minoritarias* co obxectivo de protexer e salvagardar as linguas non oficiais das minorías e manter a diversidade lingüística que caracteriza a Europa.

En 1994, no artigo 21 da coñecida *Declaración de Salamanca*, afirmase que as políticas educativas deben garantir que todos os nenos xordos teñan acceso á ensinanza en LSE (UNESCO 1994). Ademais en 1996 a UNESCO fai pública a *Declaración Universal de Dereitos Lingüísticos*. Tamén o Senado en 1999 aproba unha moción para a progresiva inclusión da lingua de signos no sistema educativo español, que despois se concretaría no *Libro Branco da Lingua de signos no sistema educativo español* (Confederación Estatal de Persoas Xordas 2003a).

Esta conxunción de factores propiciou que o colectivo xordo comezara a tomar conciencia de que o seu sistema tradicional de comunicación xestual, en realidade, era unha lingua. Empezaba así, de acordo con Esperanza Morales “una nueva función de este sistema signado (...) convertido en instrumento de poder simbólico e identidade de una nueva minoría lingüística” (2008: 29). A comunidade xorda, agrupada a través do movemento asociativo, empeza a reclamar os seus dereitos no ámbito educativo e o recoñecemento oficial da súa lingua, a lingua de signos. De feito, na década dos 90, fábase do inicio dunha nova etapa máis reivindicativa no ámbito político por parte das asociación de xordos, logo dunha etapa anterior que se denominou pre-política ou “socio-asistencial” (Ferreiro Lago / Fernández Aroca 2008: 693).

As persoas xordas, dende unha nova perspectiva sociolóxica, asumen que comparten unhas características que lles permiten ser tratadas como colectivo ou comunidade: a comunidade xorda. Teñen unha lingua e cultura propias, pero ademais reclaman unha consideración da xordeira máis alá da discapacidade. Rexeitan a perspectiva médica que as considera persoas enfermas que deben recibir un tratamento ou rehabilitación. Tamén se opoñen ó uso de termos que non son, de ningún modo, neutros, senón que poñen a énfase nas súas carencias auditivas. Claro exemplo disto foi o acontecido nunha conferencia en 1993 cun grupo de adultos xordos da asociación Altatorre de Madrid, na que se intentaban aclarar os conceptos cos que se facía

⁴ O termo *oralismo* fai referencia ó uso dunha metodoloxía oral na educación das persoas xordas, é dicir, ó emprego da lingua oral fronte a lingua de signos.

alusión á xordeira; neste contexto unha muller xorda ergueuse e fixo a seguinte observación: “¿por qué tanto término, por qué tanta confusión, no creéis que el tema es mucho más sencillo; por qué non nos llamáis simplemente sordas?” (Domínguez Gutiérrez / Alonso Baixera 2004: 22).

A comunidade xorda recoñécese como minoría lingüística e cultural e agrupada a través das súas diferentes asociacións comeza a esixir a aceptación da súa lingua como oficial e a inclusión da mesma no ámbito educativo, todo isto contando cun aval a nivel europeo. Prodúcese un cambio fundamental, pois a poboación xorda eríxese neste momento como protagonista do proceso planificador da súa lingua e como consecuencia da súa loita política publícase a Lei 27/2007 que se analiza a continuación.

3. A LEI 27/2007, DE 23 DE OUTUBRO

No ano 2007 publícase a Lei 27/2007, do 23 de outubro, pola que se recoñecen as linguas de signos españolas e se regulan os medios de apoio á comunicación oral das persoas xordas.

Hai que precisar que na redacción da Lei 27/2007 así como no proceso de discusión que se levou a cabo para a súa aprobación final, participaron algúns membros da Rede Interuniversitaria para a Investigación e a Docencia das Linguas de Señas (RIID-LLSS). Posteriormente, os días 29 e 30 de novembro de 2007, celebrábanse na Universidade Complutense de Madrid as segundas xornadas desta entidade na que participaban varios representantes da política lingüística de rexións españolas bilingües (Cataluña, Galicia e País Vasco), así como a Universidade de Vigo. A doutora Inmaculada Báez Montero moderaba a conferencia titulada “Normalización de las lenguas orales: una experiencia histórica” (Universidade Complutense de Madrid 2007). Neste evento déronse a coñecer algunhas das resolucións que se plasman na Lei 27/2007 e que se analizan a continuación.

A lei outorgou oficialidade a dúas linguas de signos: a LSE e a LSC. Isto supuxo aceptar a LSE como a lingua oficial de Galicia e do resto de España, agás Cataluña, o cal conduciu a que o proceso de planificación derivara na asimilación lingüística das variedades minoritarias, como a galega, á variedade española, a cal acadou un novo status e maior prestixio. O proceso planificador da lingua de signos en Galicia virá determinado, polo tanto, dende Madrid, baixo a coordinación da CNSE, que xa no ano 2003 propoñía abrir un proceso formal de planificación lingüística encamiñado á obtención dun status legal e social para a lingua de signos (Confederación Estatal de Persoas Xordas 2003b: 13).

O recoñecemento das linguas de signos en España aparece vinculado na lei ó ámbito educativo e á historia da educación das persoas xordas. Dende o seu mesmo título a Lei 27/2007 recolle as dúas opcións existentes na educación lingüística das persoas con xordeira: a comunicación oral e o uso da lingua de signos. Ademais, seguindo un principio de liberdade de elección na forma de comunicación e tomando en consideración a diversidade do colectivo, establécese que o uso dunha ou doutra modalidade comunicativa debe responder a unha elección libre e individual por parte da persoa xorda ou dos seus pais ou titores se son menores (Lei 27/2007 preámbulo, punto I).

A lei acepta o tradicional desacordo en canto ós métodos de ensinanza das persoas xordas e a razón pola cal se recoñecen as dúas vías comunicativas garda relación co argumentado polo profesor Storch de Gracia nas xornadas da RIID-LLSS citadas, ó defender que o dereito ó uso dunha lingua, de acordo co seu significado xurídico, é inherente ó individuo e non ó grupo, en consecuencia na lei considéranse as necesidades de cada individuo e non do colectivo (Universidade Complutense de Madrid 2007).

Non se supera, polo tanto, a dicotomía existente na educación lingüística do alumnado con xordeira, lingua oral/lingua de signos, senón que se sitúan nun mesmo plano as dúas opcións. O movemento pendular que dominou a educación das persoas xordas dende as súas orixes deu lugar a unha polarización nas posturas que derivou nunha situación de conflito. A lóxica binaria, pola cal a súa ensinanza lingüística debía seguir un método oralista ou debía fomentarse a lingua de signos, tal e como recolle a Lei 27/2007, non contribúe á superación da confrontación existente entre os defensores dunha ou outra lingua. Na lei garántese a liberdade de elección e aválanse os dereitos lingüísticos das persoas signantes e non signantes, pero a presentación

dicotómica supón unha simplificación do problema e perpetúa a división entre os responsables da súa educación. Sería preciso, polo tanto, adoptar na lexislación unha perspectiva máis complexa que permita integrar varias linguas na educación lingüística das persoas xordas e que busque desenvolver no alumnado competencias plurilingües e non bilingües.

Por outra banda, o preámbulo da lei contén no seu punto II unha xustificación histórica e mostra unha revisión diacrónica da educación das persoas xordas. Neste apartado menciónanse personaxes históricos de gran relevancia en España como Pedro Ponce de León, Ramírez de Carrión, Hervás e Panduro ou Vilabril (Lei 27/2007 preámbulo, punto II), os cales foron considerados, entre outros, pioneiros na educación xorda e a eles atribúeselles, posteriormente, o uso dunha metodoloxía oralista que se opoñería á manual⁵, cuxo principal representante foi o Abade francés L'Épée.

A lei outorga unha orixe histórica á LSE e a propósito do dicionario do que fora profesor do Colexio Nacional de xordos de Madrid, Vilabril, afirmou: “Sen dúbida, trátase do paso máis importante cara á estandarización da lingua de signos española dado ata o momento, e unha demostración do carácter non só natural, senón histórico, da lingua de signos española” (Lei 27/2007 preámbulo, punto II).

Considérase ademais que as linguas de signos española e catalá se desenvolven ó abeiro do acontecido no ámbito educativo, especialmente no século XIX, ó establecérense en España os primeiros colexios de xordos e posibilitarse así a institucionalización da educación das persoas xordas e xordo-cegas, coa consecuente interacción lingüística e social entre elas (Lei 27/2007 preámbulo, punto II). A diferenciación de dúas linguas de signos vincúlase á existencia dos colexios de xordos de España e, aínda que non se mencionan explicitamente, dous son os centros principais por pioneiros, o Real Colexio de Xordo-mudos de Madrid e a Escola Municipal de Xordo-mudos e cegos externos de Barcelona. Estes centros determinarían o xurdimento de dúas variedades lingüísticas distintas, unha española e outra catalá. As linguas, ás que a lei outorga un rango oficial e define como “protolinguas de signos”, desenvolveríanse de maneira natural a través do contacto lingüístico de persoas xordas nun mesmo colexio (Lei 27/2007 preámbulo, punto II).

Logo do preámbulo e a xustificación histórica que contén a Lei 27/2007, aparece un Título Preliminar, onde se recoñece e se regula a LSE; así mesmo recoñécese e régúlase a LSC, pero ademais dise: “Todas as alusións que esta Lei fai á lingua de signos española entenderanse feitas *ás demais linguas de signos españolas*, para o seu ámbito territorial propio, sen prexuízo do que estableza a normativa propia das respectivas comunidades autónomas no exercicio das súas competencias” (Lei 27/2007 Título Preliminar, artigo 1). A lei acepta a existencia de dúas linguas de signos en España, porén nas liñas citadas alúdese a outras linguas de signos en España que puideran ser recoñecidas dentro do seu ámbito territorial. Chama a atención o emprego do plural para o sintagma “*ás demais linguas de signos españolas*”. Se a lei menciona explicitamente a LSE e nese momento se refire soamente á LSC, por que se emprega o plural e se fala de “*ás demais linguas de signos españolas*”? Parece que a lei deixa a porta aberta ó recoñecemento doutras linguas de signos nas súas comunidades autónomas.

Por outra banda, anótase que as outras linguas de signos españolas diferentes á LSE, só teñen recoñecemento oficial no seu territorio. A LSC só é oficial en Cataluña e non no resto do estado, co cal apóstase polo binomio lingua-nación. O obxectivo da lei non é protexer a diversidade lingüística natural da comunidade xorda en España, senón facer efectivo un dereito social de acceso á información, co cal a lexislación céntrase en desenvolver os principios establecidos na Lei 51/2003, de 3 de decembro, de Igualdade de Oportunidades, non Discriminación e Accesibilidade Universal das Persoas con Discapacidade. A súa vez preténdese dar resposta a unha constante reclamación por parte da comunidade xorda de recoñecemento da súa lingua propia e dos seus dereitos lingüísticos, así como se busca cumprir co imperativo legal por parte de Europa de recoñecer como oficiais as linguas minoritarias.

Tras o Título Preliminar, que contén seis artigos onde se precisa o obxecto da lei e se definen os termos sobre os que se lexisla e os ámbitos de actuación, atópase o Título Primeiro e Capítulo

⁵ A metodoloxía manual, fronte ó oralismo ou metodoloxía oral, é aquela que fai uso da lingua de signos.

l: “Aprendizaxe, coñecemento e uso das linguas de signos españolas”. Ó final do primeiro capítulo, propónse a creación do Centro de Normalización Lingüística da Lingua de Signos Española (CNLSE) que terá unha importancia fundamental no devir do proceso planificador da lingua de signos, pois actualmente é este órgano o que coordina e dirixe a normalización e normativización da lingua de signos. A continuación vén o Título Segundo, Capítulo II, que leva por título: “Aprendizaxe, coñecemento e uso dos medios de apoio a comunicación oral”. Recoñécense así dúas opcións comunicativas xa citadas: lingua de signos e lingua oral. No caso de optar polo uso da lingua de signos, garátese que: “As Administracións educativas ofertarán nos centros que se determinen, entre outros, modelos educativos bilingües” (Lei 27/2007 capítulo 1, artigo 7.1) e afírmase tamén: “Os plans de estudo poderán incluír, así mesmo nos centros anteriormente citados, o aprendizaxe das linguas de signos españolas como materia optativa para o conxunto do alumnado” (Lei 27/2007 capítulo 1, artigo 7.3).

Este último punto corrobóroa a lei educativa actual, a Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, de mellora da calidade educativa (LOMCE), que se desenvolve no Real Decreto 126/2014 que establece o currículo básico da Educación Primaria e no Real Decreto 1105/2014 que establece o currículo da Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato. No primeiro deles indícase: “Entre as áreas a determinar, as Administracións educativas e no seu caso os centros poderán ofrecer, entre outras, materias relacionadas coa aprendizaxe do sistema braille, a tiflotecnoloxía, a autonomía persoal e as linguas de signos” (Real Decreto 126/2014 artigo 8.4). Ademais, no Real Decreto 1105/2014 afírmase: “Entre as materias a determinar, as Administracións educativas e no seu caso os centros poderán ofrecer, entre outras, materias relacionadas coa aprendizaxe do sistema braille, a tiflotecnoloxía, a autonomía persoal, os sistemas aumentativos e alternativos de comunicación, incluídos os produtos de apoio á comunicación oral e as linguas de signos” (Real Decreto 1105/2014 artigos 13, 14, 27 e 28). A LOMCE contempla, polo tanto, ó igual que a Lei 27/2007 a inclusión da materia lingua de signos.

Nótese que no Real Decreto 1105/2014, publicado o 3 de xaneiro de 2015, engádese á información xa presente no anterior, o 126/2014, o seguinte: “os sistemas aumentativos e alternativos de comunicación, incluídos os produtos de apoio á comunicación oral e as linguas de signos” (Real Decreto 1105/2014 artigos 13, 14, 27 e 28), o cal pode interpretarse como un intento de manter a coherencia co establecido pola Lei 27/2007. Non se quere dar preferencia a ningunha das dúas opcións existentes na educación lingüística das persoas con xordeira, a comunicación oral ou o uso da lingua de signos.

Na comunidade galega, con competencias propias en materia educativa, publicábanse tamén recentemente os correspondentes decretos desenvolvendo a LOMCE: o Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia e o Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia. Porén, en ningún deles se menciona a posibilidade de incluír unha materia relacionada coa lingua de signos, a diferenza dos Reais Decretos estatais.

A día de hoxe en Galicia, e salvo soadas excepcións⁶, ningún centro educativo oferta a materia LSE. Polo tanto o dereito lingüístico que avala a Lei 27/2007 non ten aplicación efectiva. O alumnado xordo segue sen recibir actualmente na comunidade galega formación regrada sobre a súa lingua propia.

Tampouco tiveron en Galicia aplicación efectiva os puntos 4 e 5 do artigo 7 da Lei 27/2007, posto que os profesionais que a CNSE propoñía para a ensinanza da lingua de signos, asesor xordo ou especialista en lingua de signos, non se incorporaron ás aulas galegas⁷ e a adminis-

⁶ En Galicia tan só dous centros da provincia de Pontevedra ofrecen ó seu alumnado, entre o cal se atopan persoas xordas, a materia lingua de signos (Graña Mendiña 2015: 67-76). A raíz destas iniciativas outros centros galegos buscan na actualidade aplicar o mesmo modelo nas súas aulas (Camiña García / Muíños Martínez / Serén Bouzas 2015: 77-88), porén trátase en todos os casos de accións illadas e iniciativas innovadoras xestionadas por profesionais implicados na materia.

⁷ Tan só tres, dos oito especialistas de lingua de signos que traballan na Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia (FAXPG) entran en algúns centros educativos galegos das provincias de Pontevedra, Lugo e da Coruña, pero fano de maneira esporádica para realizar actividades lúdicas como contacontos, impartir talleres de lingua de signos ou traballar co alumnado, puntualmente, a lingua de signos.

tración educativa non determinou aínda cales son as titulacións necesarias para dispoñer de profesionais debidamente cualificados para a ensinanza destas linguas. Así mesmo, os Plans e Programas para a formación do profesorado que atende ó alumnado xordo non se articulan dende a Administración Pública, e nos centros educativos onde se organizaron, parten de iniciativas individuais do propio profesorado ou do centro e, en moitos casos, realízanse no tempo libre dos profesionais.

A Lei 27/2007 promove a presenza de intérpretes de lingua de signos⁸ nos diferentes ámbitos públicos e privados: formación e emprego, saúde, cultura, ocio e deporte, sanidade, transportes, participación política, relación coa administración ou medios de comunicación social (Lei 27/2007 capítulo II). Non se fomenta a formación en lingua de signos dalgúns dos profesionais que traballan nas distintas áreas públicas ou a presenza de persoal xordo, especialista en lingua de signos, nestes ámbitos, senón que se opta por impulsar a figura do intérprete de lingua de signos para garantir o acceso á información e a eliminación de barreiras de comunicación. Compénsase así o déficit do alumnado xordo e convértese o dereito lingüístico ó uso da lingua de signos nun dereito social de acceso á información. Este modelo obedece ó desenvolvemento por parte da administración dunha política compensatoria do déficit auditivo.

En contraposición, en canto ó uso de medios de apoio á comunicación oral, a outra opción que a lei avala (Lei 27/2007 capítulo II), hai que dicir que as administracións educativas galegas impulsaron a dotación de recursos humanos e económicos que facilitaran o acceso das persoas xordas á lingua oral. Entre os recursos humanos encóntranse, tal e como a lei indica, os “Logopedas e Mestres/as Especialistas en Audición e Linguaxe: Profesionais especializados en sistemas alternativos e/ou sistemas aumentativos de apoio á comunicación oral, que estimulan e facilitan o desenvolvemento da mesma” (Lei 27/2007 Título Preliminar, artigo 4.I).

A publicación da Lei 27/2007 marcou un fito para a comunidade xorda en España, ó dar resposta a súa loita polo recoñecemento dos seus dereitos lingüísticos e foi moi celebrada polo colectivo xordo, porén a difusión e a repercusión da mesma non foron as esperadas, cando menos en Galicia. A lei daba lexitimidade ó uso dunha lingua que recoñecía como propia das persoas xordas, a lingua de signos, pero as medidas propostas para a súa aplicación no ámbito educativo non foron, en moitos casos, efectivas na comunidade galega e a día de hoxe o colectivo xordo segue reclamando, nos centros educativos onde hai alumnado que así o solicita, a inclusión desta lingua ó mesmo nivel que as outras linguas orais que forman parte do sistema educativo galego. Ademais, séguese demandando unha maior presenza de intérpretes de linguas de signos en todos os ámbitos públicos.

Por outra banda, a aceptación de dúas linguas de signos non estivo exenta de polémica. No ano 2005 a CNSE presentaba un proxecto de Lei titulado: “Proxecto de Lei pola que se recoñece e regula a *lingua de signos española* e se regulan os medios de apoio á comunicación oral das persoas xordas con discapacidade auditiva”. Porén este proxecto de lei finalmente aprobouse como: “Proxecto de Lei pola que se recoñecen e regulan *as linguas de signos españolas* e se regulan os medios de apoio á comunicación oral das persoas xordas con discapacidade auditiva”, cunha pluralización moi significativa do sintagma “a lingua de signos española”.

Foi o traballo dos políticos cataláns, que formaban parte do comité que levaba a cabo o proceso de recoñecemento da lingua de signos (Comité de Traballo e Asuntos Sociais), así como a loita da Federación de Persoas Xordas de Cataluña (FESOCA), da Plataforma LSC, *ara!* e da Academia Catalá de Ciencias e Humanidades (*Institut d’Estudis Catalans*) o que permitiu, finalmente, o cambio citado no proxecto de lei (Quer 2012: 572-573).

A FESOCA e, máis tarde, outras asociacións reclamaron en Cataluña os dereitos da LSC e dos seus usuarios, fronte á crecente influencia da LSE na comunidade. Ademais, a comunidade xorda catalá identificouse e recoñeceuse como comunidade lingüística signante, incluso antes que a CNSE, ó mesmo tempo que a LSC ía consolidando a súa presenza no ámbito académico. Foi moi

⁸ No ano 1995 publicábase o Real Decreto 2060/1995, polo que se establecía o título de Técnico superior en Interpretación de Lingua de Signos e as correspondentes ensINANZAS mínimas e no 1997 sae á luz o Real Decreto 1266/1997, polo que se establece o currículo formativo de grao superior correspondente ó título de Técnico superior en Interpretación de Lingua de Signos.

importante tamén o aumento das investigacións científicas que tiveron por obxecto a LSC, así como a súa presenza no *Ethnologue*, en foros internacionais, en varias universidades catalás e na formación dos intérpretes (Quer 2012: 569-570).

Esperanza Morales e os seus colaboradores suxiren ademais que a identificación da LSC como unha lingua diferente da LSE tivo moito que ver coas actitudes nacionalistas vinculadas á defensa e normalización da lingua oral catalá, actitudes que terían sido adoptadas pola comunidade xorda catalá liderada pola FESOCA (Morales *et al* 2002: 154).

Xa no ano 2006 no Estatuto de Autonomía Catalán se recoñece como oficial a LSC: “Os poderes públicos deben garantir o uso da lingua de signos catalá e as condicións que permitan acadar a igualdade das persoas con xordeira que opten por esta lingua, que debe ser obxecto de ensinanza, protección e respecto” (Estatuto de Autonomía Catalán artigo 50.6).

Ademais no ano 2010 publícase en Cataluña a Lei 17/2010, de 3 de xuño, da lingua de signos catalá. Trátase dunha lei ben diferente á Lei 27/2007, pois dende o mesmo título trata de desvincularse da lei estatal e non inclúe aspectos relacionados coa accesibilidade, xa que se considera que deben ser obxecto doutro tipo de textos legais. A Lei 17/2010 outorga o rango de lingua oficial á LSC: “A lingua de signos catalá é a lingua das persoas xordas e xordo-cegas signantes de Cataluña. Trátase dunha lingua natural de modalidade xestual e visual utilizada polo colectivo de persoas xordas e xordo-cegas como sistema lingüístico primario” (Lei 17/2010 preámbulo). Ademais no preámbulo establécese un marco normativo que serve de referencia para a nova publicación e enuméranse tamén unha serie de textos legais onde se fai referencia á LSC.

Na citada lei remárcase que “en Cataluña as persoas que utilizan a lingua de signos como medio de comunicación fano coa lingua de signos catalá, é dicir, que na lingua de signos non se produce un réxime de bilingüismo equiparable ó das linguas orais faladas no mesmo territorio” (Lei 17/2010 preámbulo). Esta afirmación constitúe un intento de desvincular a situación sociolingüística das linguas de signos en Cataluña á situación sociolingüística das linguas orais. Segundo o exposto, a comunidade xorda catalá signante non emprega a LSE, é monolingüe, polo que na comunidade autónoma só se recoñece como oficial a LSC.

A lei diríxese a un colectivo concreto, á comunidade xorda signante, e vincúlase ó ámbito estritamente lingüístico. Recoñece a dicotomía existente na educación das persoas xordas lingua de signos/ lingua oral e deféndese no ámbito educativo un modelo bilingüe que, de acordo co indicado, inaugura a Escola Municipal de Xordos de Cataluña.

Cataluña eríxese como pioneira en España na protección legal da lingua de signos e marca como obxecto da lei regular a LSC como sistema lingüístico propio das persoas xordas e xordo-cegas signantes de Cataluña (Lei 17/2010 capítulo I, artigo 1). Establécese como finalidades: o seu recoñecemento; a regulación da ensinanza e a protección; a regulación da súa aprendizaxe, docencia e interpretación; e a súa investigación como garantía da igualdade e a difusión da súa existencia (Lei 17/2010 capítulo I, artigo 2).

A diferenza do acontecido en Cataluña, en Galicia non se deu o contexto socio-político axeitado para posibilitar a aceptación oficial dunha variedade galega, a LSG. Non abundaban os estudos lingüísticos sobre a lingua de signos en Galicia, nin sobre a variación lingüística da lingua de signos na comunidade galega. Ademais, a comunidade xorda de Galicia representada pola Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia (FAXPG) non apoiou o recoñecemento dunha lingua de signos propia. Tampouco desde a esfera política nin desde as distintas agrupacións de xordos, salvo excepcións, se avalou unha posible diferenciación. De feito, no ano 2012 tivo lugar en Compostela unha reunión convocada polo subdirector xeral de Promoción de Autonomía Persoal, Modesto Rouco Villar, co obxectivo de establecer en Galicia liñas de desenvolvemento da Lei 27/2007, de 23 de outubro. Nesta reunión, e de acordo coa información recollida nas actas, Rouco Villar, buscou en primeiro lugar a opinión dos asistentes en canto á oportunidade de elaborar unha lei de signos galega, no caso de considerar a existencia dunha lingua de signos propia de Galicia. Todas as persoas presentes eran representantes das distintas formacións convocadas: a FAXPG, a Asociación de Pais e Nais de Nenos Xordos de Galicia (ANPANXOGA), o Comité Español de Representantes de Persoas con Discapacidade (CERMI-GALICIA), a Asociación Coruñesa de Promoción do Xordo (ACOPROS),

o Colexio Profesional de Logopedas de Galicia, o Centro de Intérpretes de Lingua de signos e Guía-intérpretes de Persoas Xordo-cegas de Galicia (CILSGA), e os distintos representantes da Xunta (Secretaría Provincial de Accesibilidade, e Secretaría Xeral de Promoción da Autonomía Persoal). Todos eles negaron a existencia dunha variedade galega, agás a Federación de Xordos Galega (FEXORGA), unha entidade desvinculada da FAXPG e cuxo representante afirmou que si poderían existir elementos diferenciais na lingua de signos empregada en Galicia. Porén, como conclusión, a raíz da información recollida, expónse que a lingua de signos de Galicia é a LSE, común a todo o estado, agás Cataluña e propónse substituír a expresión “lingua de signos española” por “lingua de signos de Galicia”, ó entender que non se debe relacionar a lingua de signos empregada polos signantes galegos coas linguas orais, galego ou castelán. A opinión maioritaria dos asistentes en contra do recoñecemento dunha LSG, vén a confirmar a idea apuntada no inicio deste artigo, é dicir, a falta de recoñecemento dunha variedade lingüística propia vén dada por factores que teñen ver co ámbito político e social. A comunidade xorda galega non dirixiu o seu proceso planificador, senón que seguiu as directrices marcadas dende Madrid, a diferenza do acontecido en Cataluña.

4. OS COLEXIOS DE XORDOS DE GALICIA

Na Lei 27/2007, como xa se analizou, o recoñecemento das variedades española e catalá vinculábase á importancia que tiveron no seu momento os colexios de xordos e apuntábase a estas institucións como orixe da diferenciación (Lei 27/2007 preámbulo, punto II). Ademais, a historia das linguas de signos relacionábase coa historia da educación das persoas xordas e co acontecido no ámbito educativo. De feito, afirmábase que as linguas de signos se desenvolveron a través da interacción lingüística e social entre persoas xordas (Lei 27/2007 preámbulo, punto II) e tal interacción tiña lugar principalmente nos centros específicos creados no século XIX. Tamén no caso galego, o xurdimento dunha variedade lingüística propia estaría estreitamente relacionada coa creación dos colexios de xordos galegos.

En España os estudos sobre a educación xorda puxeron as súas miras nos centros de Madrid e Barcelona, porén en Galicia destacaba pola súa importancia o Colexio Rexional de Xordo-mudos e Cegos en Santiago, o único colexio rexional de xordos de España e o terceiro despois do Real Colexio de Xordo-mudos de Madrid creado en 1805 e a Escola Municipal de Xordo-mudos e cegos externos de Barcelona de 1816. O Colexio Rexional fundouse no ano 1864, financiado polas catro deputacións galegas e durante décadas acolleu a persoas xordas procedentes das catro provincias de Galicia. Este centro estivo vinculado a unha metodoloxía oralista dende os seus inicios, pero ó igual que os outros colexios de xordos de España, constituíu o núcleo da comunidade xorda galega. Nel a maioría das persoas xordas, chegadas de diferentes zonas de Galicia, adquirían a lingua de signos, de maneira natural e a través do contacto entre os compañeiros. Porén a educación formal dentro das aulas tiña como principal obxectivo a súa desmutización⁹ e rehabilitación oral e auditiva (González Abellaira 2016).

Manuel López Navalón, primeiro director do colexio santiagués, tres anos despois da creación do centro, en 1867, escribe unha *Memoria sobre el estado actual del colegio de Sordo-mudos y Ciegos de Santiago, mejoras de que es susceptible para su futuro progreso y prosperidad* onde afirma con respecto ás persoas xordas: “El sordo-mudo, que es el hombre selvático de que hablamos anteriormente, como desconoce el idioma pátrio, tiene que primero ponerse en posesión de él para que cuando le sea familiar, le conduzca al estudio de las materias elementales que constituyen la primera enseñanza” (López Navalón 1867: 23).

A concepción da xordeira no momento deriva dunha perspectiva patolóxica e médica que leva a desenvolver nos centros unha planificación lingüística baseada na crenza da superioridade da lingua oral. As persoas xordas son vistas como seres desgraciados e a súa oralización¹⁰ será

⁹ O termo *desmutizar* fai referencia á práctica pola cal a persoa xorda é adestrada para percibir e interiorizar habilidades fonatorias.

¹⁰ O termo *oralizar* refírese ó proceso a través do cal a persoa xorda desenvolve a lingua oral.

considerada unha obra de caridade. En palabras de Reagan, exércese “a colonial oppression, in which the dominant group (in this case, the hearing culture) utilizes language and language policy as a tool to maintain its cultural and linguistic dominance, and all in name of ‘doing good’ for the oppressed, and presumable y ‘disadvantaged’ group” (Reagan 2001: 158).

O alumnado só adquiriría a lingua de signos nun contexto informal ó entrar en contacto cos compañeiros xordos no centro, xa que dentro da aula buscábase a aprendizaxe da lingua oral. Por suposto, coa expresión “el idioma pátrio” (1867: 23) Navalón refírese ó castelán, en ningún caso se contempla a ensinanza da lingua galega ó alumnado xordo, como tampouco entón se impartía ó alumnado oínte.

No centro santiagués, ó igual que nos outros centros de España, o oralismo imperante impediu o desenvolvemento da lingua de signos máis aló dos contextos informais; ademais procurouse a súa asimilación á lingua oral. Cando os educadores fixeron uso dos signos convertéronse en planificadores da lingua (Gras 2006: 351) e influíron no seu devir. Aínda que o uso dos signos foi puntual nas aulas e sempre se empregaron como recurso de acceso á lingua oral, créanse moitos de maneira espontánea, pois eran necesarios para comunicarse co alumnado e transmitirle os novos contidos curriculares.

A pesar da importancia do colexio rexional, hai que aclarar que nun principio a educación das persoas xordas articulouse dende ó Colexio Nacional de Madrid, de feito, cando se abriu o centro de Santiago, enviáronse mestres dende a capital para facilitar a formación do novo profesorado. Isto supuxo, de acordo con Victoria Gras, un trasfego dos signos empregados nesta escola (Gras 2006: 253). Porén, fóra das aulas o alumnado empregaba unha lingua que presentaba características propias, pois o contacto entre as persoas quedaba limitado ó propio centro. O illamento do alumnado, na súa maioría interno, facilitou, polo tanto, o desenvolvemento dunha variedade lingüística propia. A nova variedade non se xesta nas aulas, senón nun contexto informal e froito dun contacto natural entre compañeiros.

En 1870, Carlos Nebreda y López, director do Colexio Nacional, establece unha serie de pausas acerca da ensinanza dos “sordo-mudos” nos colexios de xordos de España e fai referencia á necesidade dunha “reforma del lenguaje de signos” que se propón co obxectivo de “que todos los colegios de esta clase tengan exactamente un mismo lenguaje para que puedan entenderse los sordo-mudos de todos los países” (Nébreda y López 1870: 183).

Nebreda y López considera necesaria unha unificación dos diferentes signos que entón se empregaban nos distintos colexios de xordos:

[...] que hay ciertos grupos de signos muchos de ellos distintos en cada país, y que todos son, unos hijos de la costumbre, otros ridículos, complicados o poco gráficos y otros con un carácter exclusivo de localidad, los cuales deberán desaparecer y ser substituidos por signos racionales, por signos filosóficos que se adoptasen en todos los colegios para dar al lenguaje la unidad, la claridad y la sencillez que debe tener (Nebreda y López 1870: 183).

Vemos como se cuestiona o status lingüístico dos signos. A súa iconicidade, a súa diversidade dialectal e a súa complexidade é a xustificación para desvirtuar a natureza lingüística da lingua de signos. Proponse a creación de novos signos baseados na lingua oral: “Por estas razones se llevó a cabo la reforma de los signos en la parte que queda indicada, habiendo repuesto los antiguos por otros más apropiados que fueron objeto de examen y aprobación del Claustro (...)” (Nebreda y López 1870: 183-184). Son os educadores oíntes, dende Madrid, os que pretenden reformar a lingua de signos e crear un sistema artificial máis apegado á lingua oral, para facilitar ó alumnado xordo a súa aprendizaxe. Inténtase crear un modo de comunicación signado, que á súa vez constitúe un intento de planificación do corpus da lingua de signos dende o ámbito educativo. O propósito deste proceso é a desvalorización da lingua do alumnado xordo, cuxo status se considera inferior ó da lingua oral.

Nebreda y López recoñece a diversidade inherente á lingua de signos e observa a existencia de distintas variedades lingüísticas nas diferentes escolas que dificultan a comunicación entre os xordos das distintas zonas xeográficas. Fala de signos “con un carácter exclusivo de localidad”

(1870: 183). Parece evidente que o centro educativo e a zona xeográfica foron factores claves para explicar nun primeiro momento a variación na lingua de signos.

En Galicia, ademais do colexio rexional de xordos de Santiago, outras institucións acolleron alumnado xordo. É o caso do Fogar Provincial de Santa María, situado na Ronda da Muralla de Lugo e instalado no ano 1954. O Fogar constituíano unha serie de edificios escalonados, onde funcionaron catro seccións diferentes: unha casa-berce; un fogar infantil mixto; un orfanato feminino e un colexio feminino de alumnas xordas (Deputación Provincial de Lugo 1958: 29).

A maioría das mulleres xordas de Lugo recibiron a súa primeira ensinanza da man das monxas do Fogar Provincial, que eran as encargadas da formación no centro citado; mentres, os varóns eran enviados a Santiago ó Colexio Rexional e a Deputación de Lugo custeaba a súa estancia. Esta situación mantívose invariable ata o ano 1978 ó crearse o Centro Estatal de Educación Especial para Xordo-mudos “Santa María”, que foi inaugurado en 1983 e comeza a funcionar en 1984, ano no que se trasladan os alumnos xordos do Fogar Provincial de Santa María a este novo colexio (Deputación Provincial de Lugo 1984). A este centro tamén se mudan as monxas e algunhas das mestras que xa traballaban no Fogar Provincial e créanse novas prazas. Nun principio o colexio contou con oito profesoras que recibían formación especializada na educación das persoas xordas a través dos cursos de audición e linguaxe organizados; ademais o centro conta, nun primeiro momento, coa presenza de médicos especialistas na materia para a formación das profesionais na rehabilitación oral e auditiva do alumnado.

A información recollida a través de entrevistas a antigas alumnas¹¹ acerca dos métodos empregados no antigo colexio apunta a que a política lingüística desenvolvida é equiparable á observada no colexio santiagués, é dicir, baseada nunha perspectiva patolóxica da xordeira pola cal a oralización é un acto de caridade. Polo tanto, no centro, ó igual que sucedía no colexio rexional, a lingua de signos queda relegada a contextos informais para a comunicación entre as compañeiras. Porén, probablemente as monxas tamén empregaron signos de maneira esporádica ante a necesidade dunha comunicación efectiva.

O Fogar de Santa María, ó igual que o centro santiagués e outros centros que se mencionan a continuación, foron espazos de socialización onde se formarían pequenas comunidades signantes en volta das cales xurdiron distintas variedades lingüísticas. Desde este punto de vista, non se podería identificar a LSG co colexio rexional santiagués, aínda que é indiscutible a influencia e importancia deste centro na conformación da comunidade xorda galega.

En Pontevedra tamén existiu un centro que acollía o alumnado xordo da provincia, trátase do Colexio de Xordo-mudos da Lanzada, sito no Grove, no edificio chamado A Pousada, o cal foi un hospital para tuberculosos ata 1958: o Sanatorio Gil Casares (Fariña Jamarco / Pereira Figueroa 1986: 442). En 1958 convértese nun Colexio de Xordo-mudos, aínda que como data oficial para a súa instalación figura o 9 de setembro de 1959 (Peón Blanco 2015: 86).

Anteriormente en 1952 ábrese un primeiro centro no Fogar Provincial ou Hospicio cun total de vinte e catro alumnos xordos (doce nenos e doce nenas) que son trasladados ó novo centro da Lanzada en 1958. As responsables de impartir a ensinanza ós novos alumnos, que ascendían a un total de corenta (vinte nenos e vinte nenas) serían tres Irmás da Caridade que proviñan do Fogar Provincial ou Hospicio, así como o persoal do Hospital (Peón Blanco 2015: 86).

Da metodoloxía oralista empregada no centro infórmanos tamén Olga Peón Blanco, quen afirma que no colexio da Lanzada se apostou por “una metodología oralista en la que los alumnos tuvieran que esforzarse por pronunciar los sonidos, primero inconexos, que fuesen escuchando. Para esto fue fundamental el auxilio de la escritura que permitía ver reflejados los sonidos de forma gráfica” (Peón Blanco 2015: 90). A especial énfase na aprendizaxe da linguaxe escrita combinouse con métodos orientados á rehabilitación oral e auditiva do alumnado. Neste sentido destaca a colaboración do centro co Hospital Provincial. Realizáronse estudos para determinar a etiología da xordeira do alumnado do centro (Peón Blanco 2015: 98). A lingua de signos queda descartada incluso como método educativo. A diferenza do acontecido en Santiago e Lugo, en Pontevedra todo o esforzo centrouse nas clases de vocalización, pronunciación e

¹¹ Para levar a cabo a investigación fixéronse entrevistas en profundidade, entre outros, a antigos alumnos dos centros citados. A súa transcripción literal non figura aquí por cuestións de espazo.

articulación. Ademais a autora citada aclara que, algúns dos alumnos do colexio pontevedrés eran galego-falantes, porén a ensinanza realízase en castelán (Peón Blanco 2015: 95).

O obxectivo nos centros específicos é fomentar o uso do castelán, a lingua maioritaria da sociedade. O monolingüismo é o eixo central da política lingüística nacional e, na práctica, a planificación lévase a cabo buscando precisamente estender o uso da lingua oral. Mentres, a lingua de signos segue sendo empregada polo alumnado na súa interacción diaria, pero a falta de recoñecemento por parte dos propios centros da diversidade lingüística imperante, facilitou a súa invisibilidade.

Por último e máis recentemente, en 1964, créase na cidade da Coruña un centro con tres profesores e quince alumnos en tres aulas do colexio Concepción Arenal, a instancias dun grupo de pais que entendía que os seus fillos xordos non tiñan por que acudir a un internado en Santiago, única posibilidade que por entón se lles ofertaba. Trátase do Colexio de Xordos Nosa Señora do Rosario, instalado posteriormente nunhas aulas do Centro de Educación Infantil e Primaria (CEIP) María Pita.

O centro caracterizouse, de acordo con información facilitada polo seu director durante máis de trinta anos, Antonio Núñez, pola metodoloxía oralista desenvolvida e por procurar unha modalidade de escolarización combinada entre a educación especial e a aula ordinaria. O prestixio e a boa dotación de recursos, tanto humanos como económicos, cos que contou o colexio levouno a ter máis de sesenta e cinco alumnos chegados de toda a comunidade autónoma de Galicia e a participar en distintos proxectos europeos como *Helios* ou *Horizon*, colaborando con outros centros de España, Italia o Portugal. Ademais, desde o colexio organizábanse os congresos nacionais da Federación Española de Profesores de Audición e Linguaxe (FEPAL).

No centro Nosa Señora do Rosario en ningún momento se contempla a lingua de signos, senón que o obxectivo prioritario é o acceso do alumnado á lingua maioritaria, o castelán, que será a lingua vehicular; polo tanto, búscase desmutizar o alumnado previamente e lévase a cabo unha rehabilitación oral e auditiva seguindo entón o método verbo-tonal¹², que foi o preferido en Galicia, pois tamén se empregará en Santiago e Lugo.

Séguese a liña inaugurada polo colexio santiagués en canto á planificación lingüística. Os educadores esfórzanse por oralizar en castelán o alumnado xordo e a lingua de signos só é empregada en contextos informais, fóra das aulas, quedando relegada da educación lingüística dos nenos xordos galegos e, en todo caso, sendo considerada como un medio de apoio á comunicación oral, como un recurso máis ou un sistema alternativo ou aumentativo da comunicación, nunca como lingua. É precisamente esta visión das linguas de signos como axuda ou estratexia educativa e non como linguas a que deu lugar á creación no ámbito educativo de códigos artificiais como o bimodal¹³, moi empregado posteriormente nalgúns dos centros citados e tamén na actualidade e, incluso, aconsellado nos nenos con implante coclear para facilitar a súa oralización. A creación destes sistemas tiña como obxectivo implícito "the devaluation of natural sign languages and continued hearing hegemony in Deaf education" (Reagan 2001: 157).

A situación descrita nos colexios de xordos e a filosofía oralista dominante en todos os centros, contribuíu a facer invisible a variación lingüística da lingua de signos, pero parece evidente que as comunidades de signantes galegos se crearon e se enriqueceron nestes colexios e logo se fortaleceron nas asociacións de xordos, un segundo espazo de socialización, cuxo papel tamén foi determinante para o desenvolvemento da lingua de signos e a diferenciación de variedades.

Os colexios de xordos galegos foron, polo tanto, o berce da LSG, pero foron factores sociais e políticos os que conduciron a unha falta de recoñecemento oficial. Dende o punto de vista

¹² O Método verbo-tonal foi deseñado a mediados do século XX por Peter Guberina, profesor e director do Instituto de Fonética da Universidade de Zagreb. Deuse a coñecer no Congreso Internacional de Xordos celebrado en París en 1953. Trátase dun método que ten como obxectivo a rehabilitación oral e auditiva do alumno xordo. Búscase reeducar a audición das persoas xordas, procurando acomodar ou sensibilizar o oído para a percepción do sistema fónico, facilitando así a súa produción e a mellora na pronunciación.

¹³ O termo *bimodal* foi introducido por Schlesinger en 1978 e fai referencia ó uso dun modo signado en combinación co falado (Alonso / Valmaseda 1993: 153).

da lingüística interna todo parece apuntar cara á existencia dunha comunidade xorda signante, creada ó abeiro dos centros específicos galegos. Tal comunidade utilizou unha variedade lingüística propia, que non obtivo o apoio necesario por parte dos líderes xordos en Galicia. Os principais representantes da comunidade xorda non apoiaron esta distinción, entre outras cousas pola súa falta de vinculación cos centros mencionados. Hai que ter en conta que non todas as persoas xordas galegas se formaron en colexios da comunidade autónoma, algúns foron enviados a outros colexios de xordos de España e non é estraña a presenza de xordos galegos no colexio La Purísima de Madrid, no centro de Deusto en Bilbao ou no colexio específico de Astorga, entre outros. Ademais, a falta dunha investigación lingüística en profundidade tamén supuxo un atranco.

A pesar da situación descrita xurdiron tímidas iniciativas que se analizan no seguinte apartado e que cabe destacar, pois son as únicas voces que se alzaron na comunidade galega a favor do recoñecemento da LSG.

5. UNHA VARIEDADE LINGÜÍSTICA DIFERENTE

No ano 2008 en Galicia, dende a Asociación de Persoas Xordas de Santiago de Compostela e subvencionada pola Presidencia da Xunta de Galicia. Secretaría Xeral de Política Lingüística, editouse unha revista titulada: *As nosas mans*, coordinada por Andrés Caamaño Hermida, profesor xa xubilado do colexio de xordos santiagués. Esta revista, que resultou efémera, pretendía “recoller signos nacidos e usados en Galicia, en risco de desaparecer baixo a presión das correntes maioritarias e xeralistas da lingua de signos dominante en España, a LSE” (Asociación de Persoas Xordas de Santiago de Compostela 2008: 2). Trátase de signos que, segundo se recoñece “non teñen unha extensión xeográfica grande e teñen dificultades para ter usuarios novos, dada a poderosa influencia exercida pola LSE” (Asociación de Persoas Xordas de Santiago de Compostela 2008: 2).

A oficialidade que a Lei 27/2007 outorga á LSE en Galicia e no resto de España, agás en Cataluña, deu lugar á asimilación lingüística das variedades minoritarias, entre elas a galega, á variedade lingüística española, a cal acadou un novo status e maior prestixio. Os signos propios da lingua de signos galega ou LSG foron considerados signos antigos e foron desprezados fronte a outros máis innovadores chegados da capital. Hai que ter en conta que as persoas xordas, moitas da Coruña, provincia onde ten a súa sede a FAXPG, retornaban a Galicia unha vez finalizados os seus estudos fóra da comunidade e traían consigo signos que se estenderon enseguida entre os signantes galegos. A influencia da LSE sería, polo tanto, máis notable, cando menos nun primeiro momento, na provincia da Coruña.

A comunidade xorda galega, dirixida pola FAXPG, obedeceu ás directrices da CNSE no proceso de planificación lingüística da súa lingua. Porén, e como xa se comentou nos apartados anteriores, o proceso planificador xa se iniciara moito antes, aínda que de maneira implícita. A oralización en castelán foi froito dunha planificación que tiña como eixo principal o monolingüismo e como protagonistas os educadores e outros profesionais, na súa maioría oíntes. Nunha segunda fase, é o colectivo xordo o que se erixe como protagonista do proceso, pero en Galicia séguese a proposta que a CNSE lidera en Madrid.

Na comunidade galega no ano 2008, no que se edita a revista *As nosas mans*, un ano despois do recoñecemento oficial de dúas linguas de signos españolas, a LSE e a LSC, xa se considera a situación de recesión á que está condenada a LSG, pola crecente presenza da LSE en todo o ámbito estatal e dentro da comunidade xorda e polo seu recoñecemento por parte da comunidade oínte. Ademais, fálase do maior contacto entre as persoas xordas de España (Asociación de Persoas Xordas de Santiago de Compostela 2008: 2), sobre todo, entre aqueles que lideraron o movemento asociativo, situación que determinará unha maior uniformidade lingüística, en detrimento das formas de cada territorio.

Por outra banda, o papel dos intérpretes dará lugar a un influxo decisivo da lingua oral sobre a lingua signada, ó contribuír a acercarlles ás persoas xordas os contidos (conceptos e estruturas) partindo da lingua oral. O rol que xogan estes profesionais cun protagonismo crecente no

eido educativo é o que anteriormente tiñan os responsables da educación das persoas xordas, o de planificadores da lingua de signos. Créanse novos signos de maneira espontánea e natural froito da necesidade de transmisión de novos contidos curriculares.

Ademais, a necesidade de incorporar as linguas de signos ó mundo cultural, educativo, científico ou político esixiu unha adaptación urxente que se deu de maneira global e non como froito reflexivo de cada comunidade lingüística autonómica (Asociación de Persoas Xordas de Santiago de Compostela 2008: 4). Asístese a unha profunda renovación do léxico da lingua de signos e nese proceso planificador non se respecta a diversidade lingüística, xa invisible anteriormente froito do oralismo imperante.

Desde a breve introdución que aparece na revista *As nosas mans*, en forma de *Limiar*, afirmase que non é difícil deducir que en Galicia existiu unha lingua de signos diferente a outras na Península Ibérica. Factores que afectan á unidade lingüística explicarían con facilidade esta aparición, desde cuestións políticas, xeográficas, sociais, económicas ou culturais, ademais dun factor fundamental, a existencia dun colexio de xordos en Santiago, fonte de desenvolvemento e aglutinador da lingua en cuestión (Asociación de Persoas Xordas de Santiago de Compostela 2008: 3).

Hai que dicir que, como xa vimos no apartado anterior, as escolas foron un factor clave para explicar a variación lingüística e o illamento do alumnado nos distintos centros galegos determininou a diversidade lingüística inherente á comunidade xorda en Galicia; de feito dentro da propia comunidade e vinculado coas diferentes asociacións estímase que a LSG non só se circunscribe á lingua de signos usada no colexio santiagués. Establécense diferenzas, por exemplo, coa empregada polas persoas xordas de Lugo, probablemente pola importancia adquirida daquela polo Colexio de Xordos do Fogar de Santa María. Hai que ter en conta que a revista que se menciona, *As nosas mans*, é elaborada pola Asociación de Xordos de Santiago de Compostela, vinculada ó colexio rexional.

Por outra parte, segundo se aclara na introdución ó contido da revista, resulta difícil determinar o grao de desenvolvemento, a solidez, a antigüidade ou o número de usuarios da LSG, pero de acordo cos informantes, os xordos máis anciáns, a LSG presentaría unha fortaleza propia entre 1950 e 1990, xerada sobre todo pola súa presenza no colexio de xordos santiagués (Asociación de Persoas Xordas de Santiago de Compostela 2008: 3).

Entre os criterios que conducen á recesión da variedade galega poderían estar, nun primeiro momento, o cambio de modelo educativo que se desenvolveu en Galicia, ó igual que no resto de España, a partir da publicación da LOXSE en 1990, mencionada no primeiro apartado deste artigo. A inclusión do alumnado xordo en centros ordinarios supuxo a súa dispersión en diferentes colexios e, polo tanto, a desmembración da comunidade signante formada ó redor das escolas. Este factor e, en xeral, o proceso planificador descrito foi o que ocasionou a súa recesión. Porén, resulta máis difícil datar con precisión o momento no que puido xurdir unha nova lingua. Tendo en conta que o colexio de xordos santiagués foi o primeiro fundado en Galicia no ano 1864, podemos supoñer que a partir desa data e ó redor deste centro, aínda que non exclusivamente, naceu a variedade galega.

Por outro lado, e á parte da existencia da revista mencionada, o Centro de Formación e Recursos do Profesorado (CFR) de Ferrol, formado na súa maioría por especialistas de audición e linguaxe, elaborou diferentes materiais para traballar con persoas xordas no ámbito educativo e entre tal material destaca o *Dicionario de Lingua de Signos Galega* ou DILISGA. Trátase de contido multimedia dividido en tres partes. O obxectivo principal do proxecto foi, de acordo con Juan Ramón Alonso García, profesor de audición e linguaxe e coordinador da obra, abordar o acceso ó currículo ordinario a través de contos tradicionais signados en LSG para o alumnado xordo. O emprego da LSG neste proxecto respondería segundo Alonso García “a un obxectivo moi claro que é a divulgación da lingua de signos galega como parte importante do noso patrimonio histórico e cultural” (2006: 6). Ademais e, a propósito da LSG, explícase que se trata dunha lingua en desuso entre os xordos máis novos, pero que se segue conservando na poboación xorda adulta, sobre todo no eido rural e interior de Galicia, pero ó non promoverse dende os diferentes ámbitos socio-comunitarios tende inevitable e lamentablemente á desaparición (Alonso García 2006: 2).

Estas iniciativas por parte de diferentes profesionais xordos e oíntes que traballan con persoas xordas no ámbito educativo, confirman que a variedade galega de lingua de signos non contou co apoio necesario para o seu recoñecemento e hoxe en día está condenada a desaparecer, de feito, unha parte importante da comunidade segue cuestionado a súa existencia.

6. CONSIDERACIÓNS FINAIS

Tras unha primeira fase na que a política lingüística nacional se caracterizou polo monolingüismo en castelán, ó redor da cal xirou a educación lingüística das persoas xordas; parece que se aplicou, con respecto ás linguas de signos, unha política de asimilación lingüística de acordo coa cal "in societies in which there are multiple natural sign languages utilized by the Deaf, efforts to unite these sign languages into a single norm" (Reagan 2001: 162). Así, en Galicia, a día de hoxe, está estendida a LSE, que é a que se utiliza de maneira oficial en todos os ámbitos, a que transmiten as asociacións de xordos galegas e a que adoptou a FAXPG de maneira oficial. Os intérpretes de lingua de signos formados nas aulas galegas, a través do ciclo superior de Técnico en Interpretación de lingua de signos¹⁴ tamén empregan exclusivamente a variedade española.

Ante a situación descrita, pódese afirmar que o que sucedeu en Galicia coas linguas orais, entre o castelán e o galego, reproducíuse coas linguas de signos, xerando así unha relación asimétrica entre a lingua de signos maioritaria, a española e as outras variedades, neste caso, a galega. Nunha situación de contacto lingüístico entre dúas variedades, a LSE e a LSG, fórmulase un proceso xeral de substitución lingüística, posto que unha das variedades, a LSE, está recoñecida legalmente e goza de maior prestixio a nivel social, mentres que a outra, a LSG, considérase inferior e é relegada ó seu uso en asociacións de xordos locais ou en contextos illados. Esta situación diglósica conduce á desaparición da variedade inferior. Non xurdiu, porén, polo momento, ningunha práctica, máis alá das tímidas iniciativas analizadas, que intentara frear o proceso de substitución. Tampouco a administración, nin o movemento asociativo, como xa se explicou, desenvolveron, ata agora, ningunha política revitalizadora encamiñada á recuperación da variedade galega.

AGRADECEMENTOS

A todas as persoas que dunha ou doutra maneira me descubriron a lingua e a cultura xordas, especialmente a todos os informantes que participan nesta investigación, por achegarme unha nova perspectiva, sen a cal a miña quedaría coxa. Grazas.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Alonso, Pilar / Marian Valmaseda (1993): "Los sistemas alternativos de comunicación sin apoyo", en Sotillo, María (coord.), *Sistemas alternativos de comunicación*. Madrid: Trotta, 88-155.
- Alonso García, Juan Ramón (2006): *Cóntamo con signos. O acceso ao currículo ordinario a través de contos tradicionais signados para deficientes auditivos*. Ferrol: CFR Ferrol.
- Asociación de Persoas Xordas de Santiago de Compostela (2008): *As Nosas Mans*, 4 vol. Santiago: Xunta de Galicia.
- Báez Montero, Inmaculada Concepción / Ana Fernández Soneira (2015): "El grado de LSE en la universidad española: lingüística y traducción e interpretación de LSE", en Inmaculada Concepción Báez Montero / Herminda Otero Doval (eds.), *Buscando respuestas en lengua de signos*. Lugo: Axac, 183-195.
- Camiña García, Verónica / Alejandra Muíños Martínez / Lidia Serén Bouzas (2015): "Experiencias docentes con LSE en el CEIP Santo Paio De Abaixo de Redondela" en Inmaculada Concepción Báez Montero / Herminda Otero Doval (eds.), *Buscando respuestas en lengua de signos*. Lugo: Axac, 77-88.

¹⁴ Hai que aclarar que, a partir do curso 2015/2016, en Galicia desaparece da oferta de Formación Profesional o ciclo de Técnico Superior en Interpretación de Lingua de Signos. Extínguese definitivamente á espera da súa reconversión en Grao Universitario a través da proposta liderada pola Facultade de Tradución e Interpretación da Universidade de Vigo (Báez Montero / Fernández Soneira 2015: 183-195).

- Confederación Estatal de Persoas Xordas (2003a): *Libro Branco da lingua de signos española no sistema educativo*. Madrid: Confederación Estatal de Persoas Xordas.
- Confederación Estatal de Persoas Xordas (2003b): *III Congreso de la CNSE. Un nuevo impulso a la participación*. Madrid: Confederación Estatal de Persoas Xordas.
- Consello de Europa (1992): *Carta Europea das Linguas Rexionais ou Minoritarias*. Estrasburgo: Consello de Europa.
- Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG de 9 de setembro).
- Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG de 29 de xuño).
- Deputación Provincial de Lugo (1958): *Lucus*, vol. 1. Lugo: Deputación Provincial de Lugo.
- Deputación Provincial de Lugo (1984): *Comunicado del traslado de niñas al nuevo Colegio de Sordomudos*. Lugo: Deputación Provincial de Lugo.
- Domínguez Gutiérrez, Ana Belén / Pilar Alonso Baixera (2004): *La educación de los alumnos sordos hoy. Perspectivas y respuestas educativas*. Málaga: Ediciones Aljibe.
- Fariña Jarmardo, José / Miguel Pereira Figueroa (1986): *La Diputación de Pontevedra: 1836-1986*. Pontevedra: Deputación de Pontevedra.
- Ferreiro Lago, Emilio / Eva Fernández Aroca (2008): "Cambio cultural, normalización lingüística de la lengua de signos española", en Fundación CNSE (ed.), *Actas del VIII Congreso de Lingüística General*. Madrid: CNSE, 690-701.
- González Abelaíra, Cristina (2016): "Historia de la educación de las personas sordas en Galicia: factores y aspectos determinantes de su educación lingüística", en *Perspectivas lingüísticas: enseñanza y adquisición de lenguas, lingüística aplicada, filología clásica y léxico*. Editum: Murcia.
- Graña Mendiña, Eva (2015): "La normalización de la LSE en el CEIP Escultor Acuña de Vigo", en Inmaculada Concepción Báez Montero / Herminda Otero Doval (eds.), *Buscando respuestas en lengua de signos*. Lugo: Axac, 87-76.
- Gras Ferrer, Victoria (2006): *La comunidad sorda como comunidad lingüística: panorama socio-lingüístico de la/s lengua/s de signos en España*. Barcelona: Universidade de Barcelona.
- Jarque, María José (2012): "Las lenguas de signos: su estudio científico y reconocimiento legal", *Anuari de Filologia. Estudis de Lingüística* 2, 33-48.
- Klima, Edward / Úrsula Bellugi (1979): *The signs of language*. Cambridge. MA: Harvard University Press.
- Lei Orgánica 1/1990, de 3 de outubro, de Ordenación Xeral do Sistema Educativo (LOXSE) (BOE de 4 de outubro).
- Lei 51/2003, de 2 de decembro, de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal das mulleres e homes con discapacidade (BOE de 3 de decembro).
- Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación (LOE) (BOE de 4 de maio).
- Lei Orgánica 6/2006, de 19 de xullo, de reforma do Estatuto de Autonomía de Cataluña (BOE de 20 de xullo).
- Lei 27/2007, de 23 de outubro, pola que se recoñecen as linguas de signos españolas e se regulan os medios de apoio á comunicación oral das persoas xordas, con discapacidade auditiva ou xordo-cegas (BOE 24 de outubro).
- Lei 17/2010, de 3 de xuño, da lingua de signos catalá (BOE de 28 de xuño).
- Lei Orgánica de 8/2013, de 9 de decembro, para a Mellora da Calidade Educativa (LOMCE) (BOE de 10 de decembro).
- López Navalón, Manuel (1867): *Memoria sobre el estado actual del colegio de Sordo-mudos y Ciegos de Santiago, mejoras de que es susceptible para su futuro progreso y prosperidad*. Santiago: Real Sociedad Económica de Amigos del País.
- Marchesi, Álvaro (1987): *El desarrollo cognitivo y lingüístico de los niños sordos*. Madrid: Alianza.
- Morales López, Esperanza (2000): "La lingüística de la lengua de signos: perspectiva histórica", en Carlos Hernández Sacristán / Montserrat Veyrat Rigalt (eds.), *Lenguaje, cuerpo y cultura*. Valencia: Universidad de Valencia, 125-142.
- Morales López, Esperanza et al. (2002): "Deaf People in Bilingual speaking Communities: The Case of Deaf People in Barcelona", en Ceil Lucas (ed.), *Turn-Taking, Fingerspelling, and Contact in Signed Languages*. Washington D.C.: Gallaudet University Press, 107-155.
- Morales López, Esperanza (2008): "La lengua de signos como vehículo de comunicación y capital simbólico", en Àngels Massip (coord.), *Les llengua i identitat*. Barcelona: Universitat de Barcelona, 29-36.

- Moreno Cabrera, Juan Carlos (2000): *La dignidad e igualdad de las lenguas*. Madrid: Alianza.
- Nattiez, Jean-Jacques (1990): *Music and Discourse: Toward a Semiology of Music*. Princeton: Princeton University.
- Nebreda y López, Carlos (1870): *Memoria relativa a las enseñanzas especiales de los sordo-mudos y de los ciegos*. Madrid: Imprenta del Colegio Nacional de sordo-mudos y ciegos.
- Peón Blanco, Olga (2015): *De Sanatorio Gil Casares a Pousada de A Lanzada*. Pontevedra: Deputación de Pontevedra.
- Pike, Kenneth Lee (1971): *Language in relation to a unified theory of structure of human behavior*. The Hague: Mouton. <http://dx.doi.org/10.1515/9783111657158>.
- Quer, Josep (2012): "Legal Pathways to the Recognition of Sign Languages: A comparison of the Catalan and Spanish Sign Languages Acts", *Sign Languages Studies* 4, 565-582. <http://dx.doi.org/10.1353/sls.2012.0012>.
- Reagan, Timothy (2001): "Language planning and policy", en Ceil Lucas (ed.), *The sociolinguistics of sign languages*. Cambridge: Cambridge University Press, 145-180. <http://dx.doi.org/10.1017/CBO9780511612824.008>.
- Real Decreto 2060/1995, por el que se establece el título superior de Técnico superior en Interpretación de Lengua de Signos y las correspondientes enseñanzas mínimas (BOE de 23 de febrero).
- Real Decreto 1266/1997, por el que se establece el currículo formativo de grado superior correspondiente al título de Técnico superior en Interpretación de Lengua de Signos (BOE de 11 de septiembre).
- Real Decreto 126/2014, de 28 de febrero, por el que se establece el currículo básico de la Educación Primaria (BOE de 1 de marzo).
- Real Decreto 1105/2014, de 26 de diciembre, por el que se establece el currículo básico de la Educación Secundaria Obligatoria y Bachillerato (BOE de 3 de enero).
- Resolución 48/96, de 20 de diciembre de 1993, por la que se aprueban las normas uniformes sobre la igualdad de oportunidades para las personas con discapacidad.
- Resolución del Parlamento Europeo sobre las Lenguas de Signos de 17 de junio de 1988 (Documento A2-302/87).
- Rodríguez González, María Ángeles (1992): *Lenguaje de signos*. Madrid: CNSE.
- Rodríguez Ortiz, Isabel de los Reyes (2005): *Comunicar a través del silencio: las posibilidades de la lengua de signos española*. Sevilla: Universidad de Sevilla.
- Romañach, Javier / Manuel Lobato (2005): "Diversidad funcional, nuevo término para la lucha por la dignidad en la diversidad del ser humano", *Foro de vida independiente* 8. http://www.foro-vidaindependiente.org/files/documentos/pdf/diversidad_funcional.pdf.
- Stokoe, William (1978): *Sign Language structure. The first linguistic analysis of American Sign Language*. Silver Spring, MD: Linstok Press.
- UNESCO = United Nations Educational, Scientific and Cultural Organization (1994): *Declaración de Salamanca. Marco de acción sobre las necesidades educativas especiales*. Salamanca: UNESCO.
- UNESCO = United Nations Educational, Scientific and Cultural Organization (1996): *Declaración Universal de Derechos Lingüísticos*. Conferencia Mundial sobre derechos lingüísticos. Barcelona: UNESCO.
- Universidad Complutense de Madrid (2007): "Crónica de las II Jornadas de la RIID-LLSS, Madrid, 29 y 30 de noviembre de 2007". http://www.cultura-sorda.eu/resources/Cronica_II_Jornadas_RIID_LLSS.pdf.